

Á hora de abordar a problemática ambiental ten gran importancia a participación da cidadanía. Neste senso, a toma de conciencia e a colaboración en asuntos relacionados co ambiente son fundamentais no camiño dun “desenvolvemento sostible”, definido como aquel que satisface as necesidades sociais, ambientais e económicas da xeración actual sen poñer en perigo a calidade de vida das xeracións futuras.

Os cidadáns e as cidadás debemos asumir a necesidade dun cambio de actitudes nos nosos hábitos de produción e consumo, conscientes de que é un proceso lento e complexo baseado na información, a educación e a sensibilización.

O Concello de Santiago desenvolve un programa de actividades que ten por obxecto lograr unha maior concienciación e participación na prevención e solución de problemas ambientais. De maneira coordinada, distintos departamentos municipais en colaboración con asociacións e colectivos que traballan o medio, poñen en marcha accións de sensibilización cidadá en distintas áreas, como a recollida selectiva de residuos, o coñecemento de novos espazos urbanos, a auga, a promoción do traballo de investigación nos centros de ensino, sesións informativas, entre outros. Tamén se promove a educación ambiental a través de obradoiros, exposicións, itinerarios, visitas e a publicación de materiais didácticos.

Itinerarios por zonas de interese natural e patrimonial de Santiago e comarca

No marco do Programa de Educación Ambiental que desenvolven os Departamentos de Educación e Mocidade e de Medio Ambiente do Concello de Santiago, en colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), organízanse unha serie de itinerarios guiados por zonas de interese natural de Santiago e comarca.

OBXECTIVOS

- Promover a información e a sensibilidade da poboación sobre o medio da cidade.
- Coñecer e comprender a configuración da paisaxe.
- Asumir os dereitos e deberes como cidadáns no respecto ao patrimonio natural e cultural.

Tipo de actividade

Itinerarios guiados por zonas de interese natural e patrimonial de Santiago e a súa comarca.

Os itinerarios previstos son:

a) Roteiros ecolóxicos próximos a Compostela:

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)

- Roteiro polo río Aríns ou Sarela. Descuberta de muíños
- Roteiro por Arca-Cequeril: Cuntis-Estrada. Antropoloxía e historia no río Umia
- O ecosistema fluvial: roteiros polo Sar e o Tambre
- Granxa do xesto. Parque forestal do monte do Pedroso

- Parques da cidade (Alameda, Bonaval, Almáciga, Auditorio, E. Granell, entre outros)
- Valgada de Vite

Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

- Roteiro Pedroso-Sarela
- Roteiro Brañas de Brins
- Viveiro Municipal
- Alameda-Campus Universitario
- Itinerario Sar-Aríns
- Itinerario Río Tambre

b) Roteiros ecolóxicos por lugares de interese de Galicia:

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)

- As serras galegas: roteiro pola serra do Candán, serra do Eixe, Courel e Ancares
- Ecosistema de praia: roteiros por Baldaio e Carnota
- O ecosistema do encoro de Cecebre
- A Ribeira Sacra: roteiro polo encoro de Belesar
- Roteiro polo río Xallas ata O Pindo
- Roteiro polo río Anllóns: de Verdes (Carballo) á Ría de Corme e Laxe
- Terra de Melide

Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

- Muros-Lagoa e Monte Louro
- Melide-Sobrado
- Carboeiro
- Itinerario Pontevea-Padrón
- A Lagoa de Sobrado
- A Illa de Arousa

Metodoloxía

Os itinerarios guiados contarán con monitores que axudarán aos grupos a coñecer as características do medio. Para os itinerarios auto-guiados facilitaranse materiais didácticos que axuden ao desenvolvemento da actividade.

Recursos didácticos

- Colección Papeis de Educación:
 - Nº 1: *O parque da Alameda un itinerario para o teu lecer*
 - Nº 6: *Zonas de interese natural de Santiago (I)*
 - Nº 8: *Breve introducción á micoloxía*
 - Nº 10: *Introducción á botánica*
 - Nº 11: *Introducción á micoloxía*
 - Nº 15: *Zonas de interese natural de Santiago (II)*
- Colección Coñecer 1: *O castiñeiro. Árbore adoptiva de Galicia.*
- Fichas didácticas dos itinerarios, fichas de observación, mapas e outros recursos.

Relacións co currículo

Educación e sensibilización ambiental.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade e Medio Ambiente, en colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural e coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: membros de asociacións e colectivos, profesorado, familias, entre outros, sen distinción de idade.

Datos de realización: a concretar de acordo coas solicitudes.

Número de prazas: 50 por grupo.

Quen fai a actividade: monitores/as da SGHN e ADEGA.

Materiais didácticos: folleto informativo sobre o itinerario a realizar, recollendo os factores naturais máis importantes (clima, hidrografía, relevo, vexetación, fauna) e os aspectos históricos e culturais máis sobresaíntes.

Prezo da actividade: depende do roteiro.

Observacións: recoméndase levar comida e bebida para o xantar, calzado cómodo e instrumentos de observación como prismáticos, guía de campo, compás, etc.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: curso escolar.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos.: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Día da árbore

OBXECTIVOS

- Desenvolver propostas de colaboración cos centros educativos do municipio de Santiago e con aqueles outros colectivos preocupados pola conservación e mellora do noso patrimonio natural e pola posta en valor de hábitos e actitudes cidadáns que fagan da nosa cidade un espazo de maior calidade para a vida cotiá.
- Proporcionar especies que poidan plantarse no contorno do centro escolar.

Tipos de actividade

- Dotación de especies para que poidan plantarse no contorno do centro escolar.
- Plantación planificada nunha parcela do Concello de Santiago co obxecto de mellorar o contorno natural elixido. Distribuiranse fichas explicativas respecto das características e das especies arbóreas que se van plantar.
- Con ocasión deste día, distribuirase un cartel explicativo sobre como plantar unha árbore, unha edición que de maneira didáctica expón os pasos elementais do procedemento. Santiago conta cunha superficie, cada vez máis ampla, de espazos verdes a disposición da cidadanía e é moi importante que os nenos/as poidan, non só gozar destes espazos senón tamén aprender a respectalos e sentilos como propios. Neste senso propiciaranse actividades de sensibilización naqueles parques máis próximos aos colexios e que o alumnado se convirta en axente protector das especies plantadas.

Metodoloxía

Os nenos/as participan activamente nas actividades previstas.

Recursos didácticos

- Colección Papeis de Educación
 - nº 1 : *O parque da Alameda un itinerario para o teu lecer*
 - nº 6 : *Zonas de interese natural de Santiago (I)*
 - nº 8 : *Breve introducción á micoloxía*

nº 10 : *Introducción á botánica*

nº 11 : *Introducción á micoloxía*

nº 15 : *Zonas de interese natural de Santiago (II)*

- Colección Coñecer 1: *O castiñeiro. Árbore adoptiva de Galicia*

Relacións co currículo

Educación ambiental.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade, Medio Ambiente e Servizo de Parques e Xardíns.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de educación infantil e primaria. Centros de secundaria.

Nivel: todos.

Forma de traballo: grupo.

Lugar de realización: nos centros escolares e nun espazo do municipio pendente de concretar.

Datas de realización: arredor do 21 de marzo de 2005.

Quen fai a actividade: alumnos/as e profesorado dos centros participantes e persoal do Servizo de Parques e Xardíns do Concello de Santiago.

INSCRIPCIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata 27 de febreiro de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos.: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Día das aves

OBXECTIVOS

- Promover a información, e a sensibilización sobre a poboación de aves.
- Contribuír ao espírito de responsabilidade e solidariedade que garanta a conservación e mellora do medio.
- Desenvolver propostas de colaboración cos centros educativos do municipio e con aqueles outros colectivos preocupados pola conservación e mellora do noso patrimonio natural e pola posta en valor de hábitos e actitudes cidadáns.

Tipos de actividades

- Itinerarios de observación ornitolóxica: *Observación de Aves Mariñas*. Desenvolverase dende o porto de O Vicedo (Mariña Lucense) unha saída en barco ata 20 millas ao norte de Estaca de Bares, para a observación de aves mariñas que por estas datas atópanse en pleno proceso de emigración pola zona. Nesta singradura, monitores da SGHN realizarán labores de asesoramento e de información para todos os asistentes.
- Visitas a zonas de interese natural: *O Camiño das Aves*. Excursión a pé observando as aves presentes no Camiño de Santiago. O tramo do Camiño que se realizará será dende Labacolla ata o Obradoiro.
- Sesións informativas e proxección de diapositivas: *Aves das Illas Galápagos* e *Aves de Kenia*.

Metodoloxía

As actividades contarán con monitores/as especializados que axudarán aos grupos a unha maior comprensión das observacións.

Recursos didácticos

- Colección Papeis de Educación:
 - nº 1: *O parque da Alameda un itinerario para o teu lecer*
 - nº 6: *Zonas de interese natural de Santiago (I)*
 - nº 15: *Zonas de interese natural de Santiago (II)*
- Fichas didácticas dos itinerarios
- Fichas de observación
- Mapas

Relacións co currículo

Educación ambiental.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade, Medio Ambiente e a Sociedade Galega de Historia Natural.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de educación infantil e primaria. Centros de secundaria e adultos.

Nivel: primaria e secundaria.

Forma de traballo: grupo.

Datas de realización: arredor do 5 de outubro, coincidindo co Día Mundial das Aves.

Lugar de realización: a determinar.

Quen fai a actividade: monitores/as do Departamento de Educación e Mocidade e dos grupos ecoloxistas de Santiago de Compostela.

INSCRIPCIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Observacións: o Departamento de Educación e Mocidade vos fará chegar unha carta co programa detallado a todos os centros escolares.

Información: Departamento de Educación e Mocidade
Tfnos.: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511
Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Día Mundial do Medio Ambiente

OBXECTIVOS

- Promover a información, a concienciación e a sensibilización da poboación sobre o medio.
- Potenciar o cambio de pautas de produción e consumo dentro da sociedade de cara a conseguir estilos de vida sostibles.
- Contribuír ao espírito de responsabilidade e solidariedade que garante a conservación e mellora do medio.
- Fomentar a implicación dos axentes sociais, políticos e económicos no compromiso da súa contribución á mellora do medio dende os seus respectivos ámbitos de traballo.
- Desenvolver propostas de colaboración cos centros educativos do municipio e con aqueles outros colectivos preocupados pola conservación e mellora do noso patrimonio natural e pola posta en valor de hábitos e actitudes cidadáns que fagan da nosa cidade un espazo de maior calidade para a nosa vida cotiá.

Tipos de actividade

- Itinerarios ecolóxicos pola cidade
- Obradoiros e sesións informativas con temáticas como o coidado dos animais de compañía; as enerxías renovables; a xardinería; a construción de xoguetes con material de refugallo; a auga doce como recurso limitado; o ruído e a contaminación; reciclaxe de papel; a flora e a fauna urbanas, entre outras.

Recursos didácticos

- Colección Papeis de Educación
 - nº 1 : *O parque da Alameda un itinerario para o teu lecer*
 - nº 6 : *Zonas de interese natural de Santiago (I)*
 - nº 8 : *Breve introducción á micoloxía*
 - nº 10 : *Introducción á botánica*
 - nº 11 : *Introducción á micoloxía*
 - nº 15 : *Zonas de interese natural de Santiago (II)*

- Colección Coñecer 1: *O castiñeiro. Árbore adoptiva de Galicia*
- Fichas didácticas dos itinerarios
- Fichas de observación
- Mapas

Relacións co currículo

Educación ambiental.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade e de Medio Ambiente e grupos ecoloxistas.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de educación infantil e primaria. Centros de secundaria e adultos.

Nivel: primaria e secundaria.

Forma de traballo: grupo.

Data de realización: arredor do 5 de xuño de 2005, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Observacións: o Departamento de Educación e Mocidade vos fará chegar unha carta co programa detallado a todos os centros escolares. O número de obradoiros a realizar dependerán da demanda dos mesmos.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos.: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Programa de educación para a sostibilidade

No próximo ano iníciase o “Decenio das Nacións Unidas para a Educación con miras ao desenvolvemento sostible”, co que se pretende promover ao longo do período 2005-2014 a promoción da educación como fundamento dunha sociedade máis viable para a humanidade e integrar o desenvolvemento sostible no sistema de ensino escolar a todos os niveis.

Ademais dos bloques temáticos e outras actividades iniciadas o pasado curso escolar en colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, para este curso deseñouse un programa específico sobre o tratamento da auga e a educación para a sostibilidade, atendendo ás propostas do Decenio da educación ambiental.

OBXECTIVOS

- Promover a información e a sensibilidade da poboación escolar sobre os problemas ambientais, como o consumo esaxerado, a deteriorización do contorno e o das cidades, entre outros.
- Fomentar prácticas, comportamentos e actitudes ambientais entre os escolares.
- Desenvolver propostas de colaboración cos centros educativos do municipio de Santiago e con aqueles outros colectivos preocupados pola conservación, mellora do noso patrimonio natural e pola posta en valor de hábitos e actitudes cidadáns que fagan da nosa cidade un espazo de maior calidade para a vida cotiá.
- Potenciar o cambio de puntos de produción e consumo dentro da sociedade de cara a conseguir estilos de vida sostibles.

ACTIVIDADES

BLOQUES TEMÁTICOS

As actividades estrutúranse por bloques temáticos, contemplando en cada bloque sesións informativas, obradoiros e itinerarios.

Obxectivos

- Coñecer e comprender a configuración da paisaxe.
- Fomentar a participación dos escolares na mellora do contorno.
- Promover a información, a concienciación e a sensibilidade da poboación escolar sobre a cidade.

Contidos

Bloque temático I: *Problemáticas do medio ambiente*

- Sesións informativas: problemas ambientais globais; problemas locais; posibles solucións e/ou alternativas; ¿que podes facer ti?
- Obradoiros: xogo de simulación (a autoestrada de Trasnoia); barómetro de valores.
- Visitas guiadas: ao vertedoiro, ao polígono industrial, e pola cidade.

Bloque temático II: *Residuos*

- Sesións informativas: residuos, consumo e impacto ambiental; a xestión do lixo en Galicia; a alternativa dos 3 Rs.
- Obradoiros: reciclaxe manual de papel; xoguete con material de refugallo; obradoiro de compostaxe; coñecemento e substitución de produtos tóxicos.
- Visita guiada ao vertedoiro municipal.

Bloque temático III: *Consumo responsable*

- Sesións informativas: necesidades básicas e consumo superfluo; ecoetiquetado nos produtos; publicidade e consumo; ecoloxía na vida cotiá.

- Obradoiros: enquisa sobre o consumo; xogo cooperativo “qué-resme lixo”; xogo de mesa sobre o consumo responsable e o medio ambiente.
- Visita crítica a un centro comercial.

Bloque temático IV: *Biodiversidade*

- Sesións informativas: a biodiversidade e a súa problemática; especies en perigo; beneficios sociais da conservación da biodiversidade; animais domésticos en perigo.
- Obradoiros: recoñecemento de árbores; realización dun viveiro de árbores autóctonas.
- Visitas guiadas: O Pedroso (coñecemento dun ecosistema de monte), valgada de Vite, os ríos Aríns ou Sarela (descubriendo muiños), a Granxa do Xesto, ao Refuxio de animais.

Bloque temático V: *Cidades sustentables*

- Sesións informativas: a cidade como ecosistema; percepción integral de diferentes aspectos da cidade; a vida na cidade; por unha cidade sostible
- Visitas guiadas pola cidade e polos parques da cidade (Alameda, Bonaval, etc.)

Bloque temático VI: *Cambio climático*

- Sesións informativas: ¿Que é o cambio climático?; ¿É o mesmo que o burato da capa de ozono?; causas e consecuencias; solucións (dende Kioto á túa casa).
- Obradoiro: enquisa ¿Canto contribuímos cada un ao cambio climático?
- Saída: os coches e o cambio climático, ¿Investigamos?.

Bloque temático VII: *Transformación do medio rural*

- Sesións informativas: abandono do rural; as consecuencias ambientais da morte da aldea.
- Obradoiro: rural e cidade, ¿quen precisa a quen?
- Roteiro pola Compostela rural.

Bloque temático VIII: *Saberes autóctonos*

- Sesións informativas: contos ao redor do lume; solucións a problemas ambientais dende a aldea (a compostaxe, a reutilización, a xestión da auga, entre outros aspectos).
- Obradoiros: recuperando cultura: plantas medicinais do Camiño de Santiago; preguntas cara atrás ¿sabes cantos anos fai que existe o camiión do lixo?, ¿sabes que facían antes cos restos de comida?,...); as receitas da aboa “obradoiro de produtos lácteos”.

Bloque temático IX: *Paz e seguridade humana*

- Sesións informativas: a paz non é ausencia de guerra; a crise ecolóxica global (guerras entre humanos e guerra contra o planeta); ¿por qué guerras? Recursos limitados, economía de guerra, cultura da violencia; facer as paces, dende o noso día a día, entre humanos e co planeta.
- Obradoiro: vídeo-forum “*A princesa Mononoke*”.
- Saída: dependente de posibles exposicións sobre guerras, refuxiados, cooperación internacional, entre outros.

Datos técnicos

Destinatarios: centros de educación primaria e secundaria de Santiago de Compostela.

Nº de prazas: 25 alumnos/as (nos obradoiros e visitas), e flexible no caso das sesións informativas.

Datas de realización: ao longo do curso escolar 2004-2005.

Horario: a acordar co centro de ensino.

Lugar: centros escolares.

Duración de cada actividade: 1 hora.

Criterios de selección: por orde de solicitude. A elixir entre os bloques temáticos que máis lle interesen, dúas actividades.

Quen fai a actividade: monitores/as de ADEGA.

PROGRAMA ESPECÍFICO SOBRE A AUGA

Contemplada como temática clave no Decenio da ONU, este ano poñerase en marcha o *Proxecto ríos* (www.proxectorios.org).

Obxectivos

- Promocionar a importancia hidrolóxica da zona de Compostela.
- Coñecer as fases e os tratamentos que se seguen na transformación de auga e comprender as dificultades coas que se atopan neste proceso.
- Poñer en marcha o *Proxecto Ríos*.
- Reflexionar sobre a necesidade de facer un uso racional da auga e o papel que xoga a cidadanía.

Contidos

- Sesións informativas:
 - A auga como recurso ambiental e social.
 - A contaminación das augas: prevención e depuración.
 - A auga dende a túa casa e a túa escola.
- Obradoiros:
 - O corruncha da auga no centro escolar (elaboración de depuradoras,...)
 - Xogo de simulación: construción dunha central hidroeléctrica, escasez e contaminación da auga no Concello.
 - Ecoauditoría da auga.
- Visitas didácticas :
 - Estación de Depuración de Augas Residuais (EDAR).
 - Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP).
 - Proxecto ríos.
 - Roteiro pola ribeira dun río.

Datos técnicos

Destinatarios: centros escolares de Santiago de Compostela.

Nº de prazas: 25 alumnos/as (obradoiros e visitas), e flexible no caso das sesións informativas.

Datos de realización: ao longo do curso escolar 2004-2005.

Lugar: centros escolares.

Duración de cada actividade: 1 hora.

Criterios de selección: por orde de solicitude. A elixir entre as actividades que máis lle interesen, dúas actividades.

Quen fai a actividade: monitores/as de ADEGA

OBRADOIRO DE COMPOSTAXE E HORTO ESCOLAR

Proxecto de aproveitamento da materia orgánica para convertelo en compost e que será aproveitado como fertilizante para abonar e cultivar hortalizas no horto escolar, dos centros que participen neste proxecto. Inclúe charlas, construción do composteiro, preparación do horto, sementeira e transplante de hortalizas e recolección das mesmas.

Obxectivos

- Fomentar prácticas, comportamentos e actitudes ambientais
- Descubrir e investigar os ciclos naturais e actitudes ambientais
- Achegar á realidade da problemática do lixo e ás posibles solucións.

Fases do programa

- Solicitude de participación e elección dos centros para realizar a experiencia.
- Presentación do programa: realización dunha charla e un obradoiro sobre residuos, consumo e compostaxe.
- Construción dun composteiro, tendo en conta a cantidade de residuos que se producen no centro .

- Seguimento do proceso de compostaxe: realizaranse visitas periódicas (semanais) ao centro para comprobar que se está a facer ben o proceso de compostaxe e adoptar as medidas oportunas en caso de que se precise. Aos grupos que participen na experiencia se lles entregará un calendario para anotar cando lle toca voltear, engadir estruturante,... Así mesmo, elaborárase unha enquisa de seguimento que servirá de documentación para a elaboración da memoria e do diario do composteiro.
- Preparación do horto escolar: comezase a preparar a horta, tendo en conta que será preciso dispoñer dun terreo mínimo de 20-30 m², de fácil acceso.
- Recolección e abonado do compost: unha parte empregárase para abonar a horta e outra parte reservárase para que os escolares o leven para casa, o que contribuirá a divulgar a experiencia nas familias.
- Sementeira e transplante das hortalizas: a mediados de marzo ou abril poderíase facer unha plantación de leitugas ou de rabanitos, que poderán ser mercado polos propios escolares no mercado.
- Recolección das hortalizas e 2ª recollida de compost, ao final do curso.
- Avaliación do proxecto.
- Elaboración dunha memoria da actividade, tendo en conta que elaborárase un diario de campo-anecdótico do programa, podendo propoñer que cada escolar elabore o seu.

Datos técnicos

Destinatarios: centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela

Nº de prazas: 25 alumnos/as (obradoiros e visitas), e flexible no caso das charlas-debate.

Nivel: preferentemente, a partir do 3º ciclo de educación primaria.

Datas de realización: ao longo do curso escolar 2004-2005.

Lugar: centros escolares.

Criterios de selección: por orde de solicitude.

Quen fai a actividade: monitores/as de ADEGA

Criterios de selección: contar con comedor escolar ou dispoñer de residuos orgánicos, espazo para o horto e para ubicar o composteiro.

EXPOSICIÓN ITINERANTE 25 ANOS DE MEDIO AMBIENTE CON XAQUÍN MARÍN

Coa exposición preténdese dar a coñecer ao público galego, neste caso aos alumnas e alumnos dos centros de ensino de Compostela, a historia da problemática ambiental de Galicia así como a súa concienciación sobre as distintas temáticas tratadas na exposición.

Características da exposición

Está composta por 19 paneis (70 cm. X 80 cm.) que tratan sobre as principais problemáticas do medio ambiente ao longo dos últimos 25 anos, empregando como material gráfico obras de Xaquín Marín acompañadas de textos, fotos, gráficos e esquemas. A exposición é un percorrido polo tempo, de 1976 ao 2001, pola xeografía galega e as diferentes temáticas ambientais. O período escollido, corresponde coa aparición dos primeiros problemas ambientais e coas Asociacións de Protección do Medio Ambiente en Galicia, entre elas ADEGA, así como o plantexamento das primeiras solucións a estes problemas.

Material didáctico

Acompaña á exposición un caderno de traballo, con actividades (investigacións, obradoiros, etc) sobre cada unha das temáticas expostas que son industrias contaminantes, residuos, bosques, medio mariño, transporte, solo e o urbanismo, consumo, ética ambiental, educación ambiental.

Datos técnicos

Destinatarios: centros de educación secundaria de Compostela.

Datos de realización: ao longo do curso escolar 2004-2005.

Lugar: centros escolares.

Tempo de estancia nos centros: 15 días, ampliable en función do calendario de solicitudes.

Criterios de selección: por orde de solicitude.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade, Medio Ambiente e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: curso escolar.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos.: 981 554 400/401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Xardinería para os CEIPs. Asesoramento

OBXECTIVOS

- Orientar e asesorar ás ANPAS, profesorado e conserxes dos centros escolares na xestión de espazos verdes internos, utilizando técnicas que teñan en conta o respecto polo medio ambiente e potenciando a xardinería con plantas autóctonas.
- Transmitir coñecementos básicos para a práctica da xardinería.
- Crear unha nova imaxe da escola pública no contorno urbano.
- Participar activamente na mellora do contorno.
- Incentivar a estima e o respecto arredor das plantas e os espazos verdes.

Tipos de actividade

- Visitas ás escolas que manifesten o seu desexo de participar para definir as súas necesidades neste ámbito. Elaboración dun plan de actuación aprobado polo consello escolar. Asesoramento para a execución do plan de actuación e seguimento. Avaliación. Visita ao viveiro municipal.
- Curso de formación dos participantes dos centros de ensino.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Servizo de Parques e Xardíns.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: profesorado, ANPAS e conserxes.

Forma de traballo: grupo.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos.: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

O Viveiro Municipal

OBXECTIVOS

- Visitar e observar as plantacións do Viveiro Municipal.
- Coñecemento das árbores, arbustos, plantas e flores de tempada do viveiro.
- Adquirir nocións acerca do proceso de cultivo.

Tipos de actividade

- Visita comentada coa implicación activa dos alumnos/as sobre a estruturación do Viveiro e as súas plantacións, observación e recollida de datos sobre as das distintas árbores, arbustos, plantas e flores do viveiro, explicación dos distintos procesos de cultivo.
- Obradoiro de recoñecemento de árbores e a realización dun viveiro de árbores autóctonas.

Relacións co currículo

Educación ambiental

ORGANIZA

Departamento de Educación e Servizo de Parques e Xardíns.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: alumnos/as de primaria e secundaria.

Forma de traballo: grupo.

Lugar de realización: Viveiro Municipal.

Quen fai a actividade: persoal do servizo de Parques e Xardíns.

Data de realización: ao longo do curso escolar.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfno: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

O tratamento da auga: Estación Depuradora de Augas Residuais e Estación de Tratamento da Auga Potable

A importancia do uso controlado da auga lévanos a propoñer actividades que propicien a toma de conciencia da importancia do uso sostenible, da xestión e da protección da auga doce, contribuíndo así a formar cidadáns responsables.

OBXECTIVOS

- Difundir o coñecemento do ciclo da auga e o papel que xogan as persoas.
- Reflexionar sobre a necesidade de facer un uso racional da auga.
- Favorecer a reflexión sobre a contaminación e a importancia da auga como fonte de vida, nunha perspectiva de educación ambiental.
- Comprender as fases e os tratamentos que se seguen na transformación da auga.

Tipos de actividade

- Visita comentada ás instalacións exteriores e interiores da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP).
- Visita comentada ás instalacións exteriores e interiores da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).

Relacións co currículo

Educación ambiental

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade e Medio Ambiente.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: alumnos/as de secundaria.

Forma de traballo: grupo.

Nivel: secundaria.

Forma de traballo: grupo.

Lugar de realización: Estación Depuradora de Augas Residuais da Silvouta (a Silvouta-Villestro) e Estación de Tratamento de Auga Potable de Meixonfrío (Marzo de Abaixo, s/n, Santa María de Grixoa).

Quen fai a actividade: monitores/as do Departamento de Educación e Mocidade e de colectivos ecoloxistas.

INSCRIPCIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfno: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

As abellas do mel

Semana do mel

OBXECTIVOS

- Coñecer e probar as meles de Galicia e os diferentes produtos derivados desta.
- Entender a elaboración e o procesado do mel.
- Elaborar obxectos a través da transformación da cera.

Tipos de actividade

- **Exposición didáctica “A ruta do Mel”:** meles de Galicia, produtos derivados, meles monoflorais, polen, utensilios do apicultor, abellas na colmena de cristal, traballos en cera e bibliografía.
- **Taller de desgustación de produtos das abellas:** pan de mel, queixo con mel, filloas con mel, refresco de mel con limón.
- **Taller de cera:** elaboración de distintos tipos de velas de cera.
- **Día do apicultor:** manexo de colmenas en produción ecolóxica, conferencia de colmenas en produción ecolóxica.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade e Medio Ambiente, Asociación Galega de Apicultura (AGA).

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: alumnos/as de centros escolares de primaria.

Nivel: 3º a 6º de primaria.

Forma de traballo: grupo.

Lugar de realización: a determinar.

Quen fai a actividade: monitores/as da Asociación Galega de Apicultura.

Datos de visitas: a concretar.

Horario: a concretar.

INSCRIPCIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade.

Tfnos: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

As abellas do mel

Semana das abellas

OBXECTIVOS

- Achegar o mundo das abellas e da apicultura aos escolares.
- Dar a coñecer as diferentes construcións apícolas
- Aprender a observar as abellas e a súa forma de vida.

Tipo de actividade

- Visita didáctica ás colmenas da Aula de Apicultura Ecolóxica da canteira de Aríns para coñecer: razas, castas, anatomía, metamorfoses e reprodución das abellas; formas de vida das abellas e diferentes tipos –abellas nai, zânganos, obreiras–; as construcións apícolas, as colmenas tradicionais e as modernas; o apicultor.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade e Medio Ambiente, Asociación Galega de Apicultura (AGA).

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: alumnos/as de centros escolares de primaria.

Forma de traballo: grupo

Nivel: 3º a 6º de primaria.

Lugar de realización: Aula de Apicultura Ecolóxica da canteira de Aríns.

Quen fai a actividade: monitores/as da Asociación Galega de Apicultura.

Datos de visitas: a concretar.

Horario: a concretar.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou correo electrónico.

Período de inscrición: ata marzo de 2005.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

As plantas medicinais no Samiño de Santiago

A exposición *Hospital Real de Santiago de Compostela e a Hospitalidade no Camiño de Peregrinación*, exposta no Museo do Pobo Galego ata o 29 do pasado mes de agosto, deu conta da asistencia sanitaria que se prestaba aos peregrinos na rede de hospitales creados ao longo do camiño.

A montaxe que ocupaba os claustros do antigo convento de Bonaval, ilustraba nun primeiro apartado os hospitales do Camiño Xacobeo, cunha sección dedicada ao hospital Real de Santiago, así como un espazo no que se reproducía o tipo de asistencia sanitaria que se lles prestaba aos peregrinos ao chegar a Compostela. A recreación da súa antiga botica e da súa horta son dous dos asuntos dos que se ocupaba a exposición, ao tempo que se analizaban tanto as técnicas e os preparados medicinais aquí aplicadas como as plantas silvestres que se usaban ao respecto.

Os poderes curativos das plantas foron coñecidas e utilizadas desde a antigüidade. Na Idade Media, os mosteiros foron depositarios destes saberes, e preocupáronse do seu cultivo, a súa preparación e utilización.

Parte desta exposición, na que se recollía unha ampla mostra das plantas medicinais expostas, poñéresen ao longo deste curso escolar, a disposición da comunidade educativa para que podan ser visitadas e participar nas actividades que se organizan con tal motivo.

OBXECTIVOS

- Descubrir e identificar as plantas medicinais comúns ao longo do Camiño de Santiago a súa utilidade.
- Recoñecer e distinguir olores, formas e cores das plantas.
- Contribuír a recuperación e revalorización da cultura e dos saberes populares.
- Despertar o interese polo coñecemento e a investigación da vexetación do contorno.
- Tomar conciencia da diversidade de plantas e dos nomes comúns de cada especie.

Tipo de actividade

Visita-taller a exposición de plantas medicinais ubicada na Escola de San Marcos-Bando.

Características da exposición

A exposición conta cunha ampla mostra das plantas medicinais, entre as que se poden atopar a herba de Santiago (*Senecio jacobaea*), Romeu (*Rosmarinus officinalis*), Agrón (*Nasturtium Officinale*), Flores da malva (*Malva silvestris*), Hortelá (*Mentha sativa*), Fiúncho (*Foeniculum vulgare*), Herba de San Xoán (*Hypericum perforatum*), entre outras.

ORGANIZA

Departamento de Educación e Mocidade.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de ensino de Compostela.

Número máximo de participantes: grupo-clase.

Lugar de realización: Escola de San Marcos-Bando.

Datas de realización: a partir da primavera de 2005.

Quen fai a actividade: monitores/as do Departamento de Educación e Mocidade e ADEGA.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou por correo electrónico.

Período de inscrición: a determinar.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Exposición “Na beira do mar hai moito que ver”

OBXECTIVOS

- A chegar a vida do mar e algúns oficios mariños aos máis pequenos.
- Non só pretende ser fonte de información senón de emoción, de motivación por aprender e por saber máis destes ecosistemas.

Tipo de actividade

Visita-taller da exposición ubicada no Museo do Pobo Galego e material didáctico para o traballo da mesma.

Características da exposición

Consta de vinteun paneis, con fotos e ilustracións, que contan a vida dos animais do mar: o mexillón, a centola, a nécora, o polbo, etc. e dos oficios relacionados con él: mariscador/a, pescador/a, peixeiro/a, traballador/a dunha conserveira.

Material didáctico

- Catálogo da exposición.
- Colección de libros editados pola Consellería de Pesca co título de “A vida no mar salgado”, e que foron enviados aos centros de ensino.
- Na web da Consellería de pesca e Asuntos marítimos está dispoñible tanto a colección como actividades, poemas, adiviñas, cancións e un vídeo. Esta web vaise actualizando e completando esta oferta periódicamente. Enderezo da web: www.pescagalicia.com

Metodoloxía

Enviarase a cada centro unha proposta de actividades para realizar antes, durante e despois da exposición así como cadernos de traballo para os alumnos/as.

ORGANIZA

Departamentos de Educación e Mocidade.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de educación infantil e primaria.

Forma de traballo: en grupo.

Número máximo de alumnos/as: grupo/clase.

Lugar de realización: sala de exposición do Museo do Pobo Galego.

Datas de realización: a determinar.

Quen fai a actividade: monitores/as do Departamento de Educación e o grupo Mamacabra.

INSCRICIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou por correo electrónico.

Período de inscrición: a determinar.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es

Exposición fotográfica “Os segredos das árbores”

OBXECTIVOS

- Despertar o interese e motivación polo coñecemento da natureza.
- Ser fonte de información sobre as árbores (aproveitamentos, curiosidades, dimensións, enfermidades, plagas, crecemento, usos tradicionais, etc).

Tipos de actividade

- Visita didáctica á exposición.
- Concurso de debuxo co tema “As árbores”.
- Material didáctico complementario.

Características da exposición

Consta de oitenta e un paneis, con fotos e ilustracións, acompañado dun comentario de texto claro e comprensible para calqueira persoa, describindo datos de interese sobre as 25 especies arbóreas recollidas na exposición.

Tamén conta cun muestrario de cortes de madeiras e de semillas e froitos.

Material didáctico

- Catálogo da exposición
- Guía sobre as árbores

Metodoloxía

Activa, comprensiva e crítica.

ORGANIZA

Unión Fenosa, Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Caixa Galicia.

DATOS TÉCNICOS

A quen se dirixe: centros de educación infantil e primaria. 1º ciclo da ESO.

Forma de traballo: en grupo

Número máximo de alumnos/as: grupo clase.

Lugar de realización: Aula de Cultura de Caixa Galicia.

Datas de realización: do 26 de xaneiro ao 20 de febreiro.

Quen fai a actividade: monitores/as do Departamento de Educación e Mocidade.

INSCRIPCIÓN

Forma de inscrición: mediante o impreso correspondente. Enviar por fax ou por correo electrónico.

Período de inscrición: a determinar.

Información: Departamento de Educación e Mocidade

Tfnos: 981 554 400 / 554 401. Fax: 981 571 511

Correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es